

IES AUGA DA LAXE

AS LINGUAS DA PENINSULA IBÉRICA

LINGUA GALEGA E LITERATURA I

INTRODUCCIÓN

Ano 1500



Cando falamos da historia das linguas da Península Ibérica debemos remontarnos á época da Antiga Roma, cando o Imperio Romano conquista esta rexión de Europa e estende a súa lingua: o **latín**.

Logo da caída do Imperio Romano, tras os reinos suevo e visigodo e o establecemento de Al-Ándalus, o norte peninsular quedou dividido en varios reinos cristián nos que o **latín foi fragmentándose e dividiuse en varias variedades** que, chegada a Idade Media, xa eran linguas distintas.

INTRODUCCIÓN


Ano 1500



O posterior proceso de expansión dos reinos do norte foi levando estes idiomas cara o sur da e, xa a partir do século XV, o **castelán comezou o seu proceso de expansión** territorial desde o centro peninsular.

A excepción a todas ela é o éuscaro, cuxa orixe non está clara e debe situarse, en calquera caso, antes da chegada dos romanos a Hispania.

DISTRIBUCIÓN GEOGRÁFICA



MARCO LEGISLATIVO

Contitución española (1978)

3.1 O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.

3.2 As demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

3.3 A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural (...) obxecto de especial respecto e protección.

LINGUAS OFICIAIS

CASTELÁN

GALEGO

CATALÁN

ÉUSCARO

ARANÉS



MARCO LEXISLATIVO

GALEGO

O galego é a **lingua propia e oficial en Galicia desde 1981**, ano en que se aprobou o segundo Estatuto de Autonomía de Galicia. Ademais, o concello asturiano da Veiga (en castelán Vegadeo) declarouno oficial mediante unha ordenanza municipal en 2016. A entrada en vigor da Lei Paz Andrade no 2023 pona en relación cos países da Lusofonía.

MARCO LEXISLATIVO

CATALÁN

O catalán é a **lingua propia e oficial de Cataluña desde 1979**, ano de aprobación do seu segundo Estatut d'Autonomia; antes desta data, o catalán foi oficial en Cataluña entre 1932 e 1936. É tamén a **lingua propia e oficial da Comunidade Valenciana desde 1982 e das Illas Baleares desde 1983**, segundos os seus estatutos de autonomía.

MARCO LEXISLATIVO

ÉUSCARO

O éuscaro ou vasco é a **lingua propia e oficial do País Vasco** (Estatuto de 1979) e **tamén oficial nas zonas vascofalantes de Navarra** (Estatuto de 1982 e Lei foral do éuscaro de 1986).

MARCO LEGISLATIVO

ARANÉS

O aranés é a **lingua propia e oficial do Val de Arán** desde 2006, cando se aproba o terceiro Estatut d'Autonomia de Catalunya.

LINGUAS NON OFICIAIS

ASTURIANO

O ASTURIANO NON CONTA CUNHA LEXISLACIÓN ESPECÍFICA CANTO AO SEUS STATUS LEGAL, AÍNDA QUE SI FORON APROBADAS NORMAS ESPECÍFICAS PARA PROTEXELO E NORMALIZALO NO PRINCIPADO DE ASTURIAS, E GOZA CUN IMPORTANTE MOVEMENTO SOCIAL A PROL DA SÚA OFICIALIZACIÓN. O RESTO DE VARIEDADE DE ASTURLEONÉS NON CONTAN CON RECOÑECIMENTO ALÉN DO CASO DO MIRANDÉS, OFICIAL NA TERRA DE MIRANDA (PORTUGAL).

ARAGONÉS

O ARAGONÉS ESTÁ RECOÑECIDO COMO LINGUA PROPIA DE PARTE DO NORTE DE ARAGÓN DESDE 2016; XUNTO CON EL, TAMÉN SE RECOÑECE COMO LINGUA PROPIA DA FAIXA DE POÑENTE, A ZONA ORIENTAL ARAGONESA, O CATALÁN.

AS LINGUAS DE PORTUGAL

PORTUGUÊS

É A LINGUA OFICIAL DE PORTUGAL. ASÍ O RECOLLE O ARTIGO 11 DA CONSTITUCIÓN DA REPÚBLICA PORTUGUESA (1974): A LÍNGUA OFICIAL É O PORTUGUÊS.

MIRANDÉS

NO 1999 ENGADIUSELLE UN ARTIGO Á CONSTITUCIÓN PORTUGUESA NO QUE SE RECOÑECÍA O CARÁCTER OFICIAL DESTA LINGUA DENTRO DO ESTADO PORTUGUÊS.

DEMOGRAFÍA DAS LINGUAS

- O **galego** é falado por 2.4 millóns de persoas, das cales arredor da metade son falantes habituais.
- O **castelán** conta con arredor de 550 millóns de falantes, dos cales algo máis de 40 son españois.
- O **portugués** é falado por case 250 millóns de persoas; deles, máis de 10 millóns son portugueses.
- O **catalán** ten arredor de 10 millóns de falantes.
- O **éuscaro** é falado por arredor dun millón de persoas, das que máis de 700 mil a teñen como lingua materna.
- O **asturleonés** é fundamentalmente falado en Asturias, onde se atopa máis do 70% dos arredor de 700 mil falantes desta lingua. En León e Zamora calcúlanse uns 100-150 mil falantes de leonés, aos que se suman arredor de 15 mil falantes de mirandés.
- O **aragonés** ten, hoxe en día, arredor de 10 mil falantes.
- O **aranés** é falado por unhas 5 mil persoas, pero debemos ter en conta que o occitano conta con case un millón.
- O **mirandés** é falado por unhas 15.000 persoas.

SITUACIÓN SOCIAL

- O **galego** mellorou nas últimas décadas a presenza social, ampliando o seu uso a ámbitos que antes lle estaban vedados grazas ao proceso de normalización. Aínda así, hai un descenso na transmisión xeracional acentuado desde mediados do século XX.
- O **catalán** demostrou desde hai décadas un decidido avance da normalización lingüística, que procurou ademais a integración lingüística da inmigración, moi relevante en Cataluña. Porén, percíbese un lixeiro declive nas porcentaxes de falantes.
- O **éuscaro** avanzou moito na presenza social e, fronte ás anteriores, recupera e aumenta o seu número de falantes de forma paulatina.
- O **asturleonés** presenta, especialmente en Asturias, unha forte diglosia, que contrasta cun potente dinamismo cultural e as demandas de oficialidade.
- O **aragonés** conta con certa defensa cultural pero atópase, hoxe en día, en perigo de extinción.
- O **aranés** sofre un marcado retroceso, ao que non axuda o non recoñecemento do occitano por parte do Estado francés.
- O **mirandés** retrocedeu moito no número de falantes debido ao escaso apoio das entidades públicas. Un estudo da Universidade de Vigo estimou en 3.500 falantes reais no 2020.